



Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - AFC		
Número expediente:	Documento:	
CON/73/2021	CON15I2AE	
364T2U6E385O0L5N0G5B		

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

En relación ao expediente para a contratación das obras denominadas “Parque Fluvial en Xuvia”, o Técnico de Servizos Xerais, en data 28 de setembro de 2021, emitiu informe-proposta que di:

“Con data 24 de setembro de 2021 publicouse, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, un anuncio de licitación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, das obras denominadas “Parque Fluvial en Xuvia”, de acordo co proxecto elaborado ao efecto e da tramitación do preceptivo expediente administrativo.

Toda vez que a execución desta obra está condicionada á obtención dunha serie de autorizacións sectoriais e que, a día de hoxe, está en trámite a obtención destas, cómpre suspender a licitación á espera da resposta positiva dos organismos autonómicos e estatais afectados; evitando así calquera prexuízo ás empresas licitadoras.

Esta suspensión farase efectiva mediante a anulación na Plataforma do anuncio de licitación e do documento de obtención dos pregos, e durará estritamente o prazo que medie ata a obtención, no seu caso, das autorizacións solicitadas; momento no que procederá reanudar a licitación, sen precisarse novo acordo da Alcaldía-presidencia, outorgándose entón un novo prazo de presentación de ofertas aos licitadores interesados.”

Polo anteriormente exposto e, en cumprimento da D. A. 2ª LCSP, esta Alcaldía

RESOLVE

PRIMEIRO: Suspender a licitación da obra denominada “Parque Fluvial en Xuvia”, convocada mediante anuncio publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o pasado 24 de setembro, á espera da obtención das distintas autorizacións sectoriais necesarias para a execución da obra.



NARÓN

SEGUNDO: Esta suspensión durará estritamente o prazo que medie ata a obtención, no seu caso, das autorizacións solicitadas; momento no que procederá reanudar a licitación, sen precisarse novo acordo ao efecto, outorgándose entón un novo prazo de presentación de ofertas aos licitadores interesados.

TERCEIRO: Publicar esta resolución na Plataforma de Contratación do Sector Público para xeral coñecemento.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***